

ESA (EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS)

ÍNDICE

1. ESA (EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS).....	2
1.1. ESA III.....	2
1.1.1. BLOQUE 1.....	2
1.1. 1.1. Obxectivos, contidos, temporalización, recursos didácticos e avaliación por unidades.....	2
1.1.2. BLOQUE 2.....	10
1.1.2.1. Obxectivos, contidos, temporalización, recursos didácticos e avaliación por unidades.....	10

1. ESA (EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS)

Dos tres ámbitos de coñecemento en que se organiza a ESA, a nosa materia, xunto coa de Lingua Castelá e a de Lingua Estranxeira, constitúe o denominado Comunicación, que inclúe os coñecementos, destrezas e valores que permiten comunicarse nas tres linguas. Con este punto de partida, o noso ámbito oriéntase a desenvolver as competencias comunicativas dos/as adultos/as e ao desenvolvemento das súas capacidades intelectivas e afectivas para a súa inserción activa e responsable na sociedade e para o seu desenvolvemento persoal. Dentro deste ámbito, preséntase o estudo coordinado das dúas linguas de Galicia para conseguir competencia plena en ambas; acompañadas no ámbito da 1ª lingua estranxeira conseguirase unha competencia plurilingüe e pluricultural.

No noso centro na actualidade impártense o terceiro e cuarto curso de ESA. A ESA III queda organizado da seguinte maneira:

1.1. ESA III

Distinguiremos neste módulo os seguintes bloques e unidades:

Módulo III	B1	Unidade 1
		Unidade 2
	B2	Unidade 3
		Unidade 4

1.1.1. BLOQUE 1

1.1.1.1. Obxectivos, contidos, temporalización, recursos didácticos e avaliación por unidades.

UNIDADE 1

1. Presentación

Cos contidos e as actividades que se inclúen nesta unidade preténdese conseguir do alumnado adulto certas habilidades, actitudes e coñecementos relacionados cos medios de comunicación audiovisual e coas novas tecnoloxías; a utilización das linguas do ámbito como instrumento para comprender e interpretar a información, como medio para procesar e utilizar a información, e como fin para a comprensión da realidade en que se vive.

2. Obxectivos didácticos

- Interpretar e recoñecer textos na lingua oral e na escrita dos medios de comunicación audiovisual, e diferenciar a estrutura, os puntos de vista, os elementos formais, as características e as convencións da linguaxe destes medios, así como os seus elementos compositivos.
- Recoñecer textos que indiquen presentación de tarefas e instrucións.
- Planificar e compor textos coas características dos usados nos medios de comunicación.
- Apreciar a presentación coidada dos textos escritos, utilizando correctamente a ortografía e os signos de puntuación.
- Participar en conversas sobre temas de actualidade utilizando os elementos non verbais na intervención. Reflexionar ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación procedentes dos medios de comunicación.
- Diferenciar os usos formais e informais da lingua nos medios de comunicación. Planificar e compor textos con cohesión utilizando conectadores textuais.
- Identificar as funcións sintácticas características dos substantivos, dos adxectivos e dos verbos.
- Comprender a situación sociolingüística da lingua galega e analizar o seu uso nos medios de información.
- Valorar os textos literarios na lingua galega aparecidos nos medios de comunicación.
- Analizar os elementos propios da narración e do teatro en producións televisivas.
- Compor textos de intención literaria: cartas.

3. Contidos

3.1. Comunicación oral:

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual con especial atención ás entrevistas e ás noticias: contextualización, coñecementos previos, tempo asignado, etc.
- Uso de estratexias para lograr a comprensión e a valoración crítica da comunicación televisiva e radiofónica coas súas características propias.
- Comprensión de textos orais do ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións.
- Participación en conversas e simulacións sobre temas de actualidade recollidos dos medios de comunicación.

- Uso consciente dos elementos paraverbais e non verbais na intervención oral planificada: ton axeitado, pausas, xesticulación coherente, etc.

3.2. Comunicación escrita

- Recoñecemento e comprensión de textos dos medios de comunicación en soporte impreso ou dixital, como noticias, entrevistas, editoriais e crónicas, e apreciación das diferenzas entre información e opinión.
- Composición de textos coas características formais usadas nos xéneros propios dos medios de comunicación: noticias e entrevistas.
- Análise dos puntos de vista usados nos medios de comunicación escritos e virtuais para transmitir a mesma información.
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando adecuadamente a ortografía e os signos de puntuación.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes de reportaxes, crónicas ou entrevistas dos medios de comunicación.
- Identificación dos elementos formais e recoñecemento dalgunhas características e convencións da linguaxe dos medios de comunicación (columnas, titulares, entrada, imaxes, tamaño, situación, etc.).
- Interese ante as tecnoloxías da comunicación e actitude crítica ante o seu uso.

3.3. Coñecemento da lingua

- Coñecemento das diferenzas entre usos formais e informais da lingua a través dos medios de comunicación e conciencia das situacións comunicativas en que resulten adecuados. – Identificación e uso das variacións (fórmulas de confianza e de cortesía) que adoptan as formas deícticas en relación coa situación.
- Uso de procedementos para compor enunciados con cohesión: orde na exposición das ideas.
- Revisión dos conectadores textuais de orde, de contraste e explicativos, e recoñecemento e uso dos distributivos e de causa, usados frecuentemente nos medios de comunicación.
- Identificación e revisión da estrutura do texto en textos de carácter informativo: estrutura piramidal da noticia, referencia ás circunstancias de lugar, tempo, etc.
- Coñecemento das funcións sintácticas características das clases de palabras, de cara á mellora das estruturas na construción e revisión de textos, con emprego dunha terminoloxía sintáctica axeitada: o substantivo como suxeito, o verbo como núcleo do predicado, o adxectivo como complemento do nome e como atributo.

3.4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral e concreción no marco peninsular das causas que contribúen á formación, expansión, transformación, minorización, substitución e normalización das linguas, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e das tecnoloxías da comunicación.
- Comprensión da situación sociolingüística da lingua galega a través da abordaxe dos fenómenos de contacto de linguas (bilingüismo e diglosia), procurando información nos medios de comunicación en diversos soportes.
- Comprensión e análise do uso das dúas linguas de Galicia nos medios de comunicación. **Educación literaria**
- Lectura e valoración de textos literarios en lingua galega (artigos, ensaios, contos, etc) aparecidos nos medios de comunicación.
- Análise dos elementos propios da narración e do teatro (espazo, tempo, acción, personaxes, etc.) en producións televisivas en lingua galega.
- Lectura de obras relacionándoas cos grandes períodos e autores da literatura galega a partir da Idade Media.
- Composición de textos de intención literaria: cartas.

4. Temporalización

Temporalización: 16 períodos lectivos divididos en catro semanas.

5. Recursos didácticos

- Na unidade didáctica xa están incluídos os textos sobre os que se vai traballar.
- É imprescindible fotocopiar todos os textos necesarios e as actividades relativas a cada texto, e levalas á aula antes de comezar cada sesión.
- É imprescindible que na aula haxa unha serie de xornais, revistas e outros materiais especializados e non especializados, en lingua galega e en lingua castelá, para que o alumnado os poida manipular, traballar sobre eles e revisalos cando cumpra.
- É imprescindible a existencia de computadores con acceso a internet.
- É moi importante que na aula haxa dicionarios en galego e en castelán para solucionar as dúbidas de vocabulario que puidesen xurdir e, na medida do posible, acceso a dicionarios virtuais para resolver dúbidas cando se traballe co computador.
- É necesario algún gravador na aula para algunhas actividades.

6. Avaliación

Nesta unidade didáctica a avaliación forma parte integrante do proceso. As propias actividades serán tomadas como referencia para a avaliación do alumnado dado

que, para as realizar, cómpren estratexias e instrumentos de cuxo uso o profesor ou a profesora poden extraer conclusións.

Na primeira sesión, o manexo e o uso que o alumnado faga dos xornais, as revistas e o material impreso informativo serve de avaliación inicial, así como os comentarios que se escoiten na aula con respecto aos contidos e os obxectivos da unidade didáctica.

Os aspectos procedementais avaliaranse a través da observación e da valoración das tarefas propostas nas actividades. Valorarase a participación nas actividades en grupo e individuais a través da observación e dos resultados dos traballos propostos. Non haberá probas obxectivas para valorar os aspectos conceptuais. A evolución das tarefas a través da unidade completa ha marcar as pautas dos contidos adquiridos.

En todas as sesións programadas hai actividades que poder servir de reforzo ou ampliación, dependendo das necesidades do alumnado.

UNIDADE 2

Céntrase o traballo desta unidade sobre a publicidade. A publicidade é un poderoso vehículo de expresión, coñecemento e transformación da realidade e pódese converter nun mecanismo para a manipulación do pensamento. É importante potenciar no alumnado adulto un xuízo crítico e reflexivo para que poida chegar a valorar estas mensaxes cun criterio propio. Os contidos teñen que ver coa comprensión de textos publicitarios nas linguas do ámbito en todos os medios de comunicación en que se dan esas mensaxes. Preténdese conseguir do alumnado adulto as habilidades necesarias para manexar esta información e utilizala.

1. Obxectivos didácticos

- Interpretar, recoñecer e analizar en textos publicitarios aparecidos nos medios de comunicación os elementos verbais (linguaxe, estrutura, mensaxes, etc.) e non verbais (ritmo, música, orixinalidade, imaxes, etc.).
- Valorar criticamente a publicidade recoñecendo o seu significado propio: éxito social, estereotipos do corpo humano, etc.
- Reflexionar ante as mensaxes publicitarias que supoñan calquera tipo de discriminación.
- Planificar e compoñer textos coas características dos usados na publicidade.
- Recoñecer e usar coherentemente as formas verbais nos textos.
- Identificar e usar as variacións que adoptan as formas deícticas nas mensaxes publicitarias.
- Comprender a situación sociolingüística das dúas linguas oficiais en Galicia a través das mensaxes publicitarias.

- Planificar e corrixir o traballo persoal para progresar na aprendizaxe.
- Analizar e comparar a evolución dos personaxes principais na narrativa e na publicidade.
- Identificar e comparar os temas do amor e da morte na lírica en distintos períodos literarios.
- Valorar os textos dramáticos coa lectura de fragmentos do teatro clásico español.
- Desenvolver a autonomía lectora localizando textos literarios en páxinas de Internet.

2. Contidos

2.1. Comunicación oral

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual con especial atención ao tocante á publicidade e ás súas mensaxes: mensaxe implícita, linguaxe utilizada, ritmo, etc.
- Uso de estratexias para lograr a comprensión e a valoración crítica da publicidade aparecida nos medios e das súas características propias: os valores do éxito social e dos estereotipos relacionados co corpo humano.
- Comprensión de textos orais do ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización.
- Colaboración en actividades de aprendizaxe individuais ou compartidas, nomeadamente as que fan referencia ao xeito de organizar a actividade, á achega de informacións útiles para o traballo en común e á exposición de informes sobre as tarefas realizadas.
- Uso consciente dos elementos paraverbais e non verbais na intervención oral planificada: ton axeitado, pausas, xesticulación coherente, etc.

2.2. Comunicación escrita

- Estratexias para a análise de textos publicitarios dos medios de comunicación escritos, dos elementos que se empregan neles e as súas mensaxes explícitas e implícitas.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención á publicidade aparecida nos medios de comunicación.
- Identificación dos elementos formais e recoñecemento dalgunhas características e convencións da linguaxe publicitaria nos medios de comunicación: imaxes, ritmo, música, texto, etc. Uso da elipse.
- Interese ante as tecnoloxías da comunicación e actitude crítica ante o seu uso.

2.3. Coñecemento da lingua

- Uso de procedementos para compor enunciados con cohesión na publicidade: orde na exposición, orixinalidade e elipse.

- Identificación e revisión da estrutura do texto de carácter publicitario: contido, repeticións, etc. – Recoñecemento e uso coherente das formas verbais nos textos.
- Identificación e uso das variacións (fórmulas de confianza e de cortesía) que adoptan as formas deícticas nas mensaxes publicitarias.
- Uso de estratexias para a organización do traballo persoal, da autoavaliación e da autocorrección para progresar na aprendizaxe: planificación, revisión e reformulación.

2.4. Lingua e sociedade

- Comprensión e análise do uso das dúas linguas oficiais en Galicia nas mensaxes publicitarias.
- Comprensión da situación sociolingüística da lingua castelá en Galicia a través da abordaxe dos fenómenos de contacto de linguas (bilingüismo e diglosia) tomando como referencia os anuncios publicitarios aparecidos nos medios de comunicación en diversos soportes.

2.5. Educación literaria

- Lectura de relatos, observando a transformación do heroe ou da heroína como personaxe de novela, e comparando os seus trazos cos estereotipos da publicidade.
- Recitación de poemas, comparando o tratamento de certos temas recorrentes en distintos períodos literarios (por exemplo, o amor e a morte).
- Lectura dramatizada de obras breves e de fragmentos representativos do teatro clásico español.
- Desenvolvemento da autonomía de lectura e do aprecio pola literatura como fonte de pracer, e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, localizando textos tamén en páxinas de Internet, por exemplo en:
[h t t p : / / antologiapoeticamultimedia.blogspot.com](http://antologiapoeticamultimedia.blogspot.com).

3. Temporalización

Temporalización: 16 períodos lectivos divididos en catro semanas.

4. Recursos didácticos

- Na unidade xa están incluídos os textos sobre os que se vai traballar.
- É importante fotocopiar todos os textos necesarios antes de comezar cada sesión, de ser posible en cor, xa que a imaxe publicitaria ten características propias que axudan á comprensión das mensaxes.
- É imprescindible que na aula haxa xornais e revistas, especializados e non especializados, en lingua galega e en lingua castelá, para que o alumnado os poida manipular, traballar sobre eles e revisalos cando cumpra.
- É imprescindible ter computadores con acceso a Internet na aula. De non ser así, haberá que desprazarse nesas sesións á aula específica de informática.
- É moi importante que na aula haxa dicionarios en galego e en castelán para solucionar as dúbidas de vocabulario que puidesen xurdir e, na medida do posible, acceso a dicionarios virtuais para resolver dúbidas cando se traballe co computador.
- Sería necesario ter algúns gravadores na aula para algunhas actividades.

5. AVALIACIÓN

Nesta unidade didáctica a avaliación forma parte integrante do proceso de ensino e aprendizaxe. As propias actividades serán tomadas como referencia para a valoración do alumnado, xa que, para as realizar, son necesarias estratexias e instrumentos de cuxo uso o profesorado pode extraer conclusións.

Na primeira sesión, o manexo e uso que o alumnado faga dos xornais, as revistas e o material impreso informativo serve de avaliación inicial, así como os comentarios que se escoiten na aula con respecto aos contidos e aos obxectivos da unidade didáctica.

Os aspectos procedementais avaliaranse a través da observación e da valoración das tarefas propostas nas actividades. A participación nas actividades en grupo e individuais valorarase a través da observación e dos resultados dos traballos propostos, tanto na lingua oral como na lingua escrita.

En principio, non parecen necesarias probas obxectivas para valorar os aspectos conceptuais. A observación da realización das tarefas a través da unidade completa hanos dar pautas sobre os contidos que se van adquirindo.

En todas as sesións programadas hai actividades que poder servir de reforzo ou ampliación, en función das necesidades do alumnado.

4.1.2. BLOQUE 2

4.1.2.1. Obxectivos, contidos, temporalización, recursos didácticos e avaliación por unidades.

UNIDADE 3

O traballo nesta unidade didáctica céntrase no emprego das tecnoloxías da información e da comunicación, e ten como obxectivo que o alumnado adulto sexa competente no tratamento da información dixital. Cómpre ensinarlle ao alumnado a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lle han permitir mellorar as súas habilidades para unha xestión da información, atendendo á diversidade de finalidades persoais e profesionais. Necesitaranse estratexias para organizar, relacionar e sintetizar esta información, e tamén para preparar o alumnado para os avances tecnolóxicos que se aveciñan.

1. Obxectivos didácticos

- Comprender e analizar textos aparecidos en medios de comunicación e TIC.
- Utilizar estratexias para a realización e a presentación de tarefas co uso das TIC.
- Usar a composición escrita como fonte de información, medio de comunicación e xeito de regular a conduta.
- Expor oralmente temas de actualidade de xeito claro e ordenado, co uso consciente dos elementos non verbais e axudándose dos medios audiovisuais e das TIC.
- Comunicarse en soportes como a correspondencia postal e os medios informáticos. Identificar e usar mecanismos de referencia interna gramaticais e léxicos.
- Recoñecer tipos de oracións simples, e normas de puntuación e ortográficas, e apreciar o seu valor funcional e social.
- Coñecer a formación da lingua galega e as súas etapas ata o século XX, coa utilización de textos da época tomados das TIC. Comprender a situación lingüística galega a través do estudo de fenómenos de contacto de linguas, co emprego das TIC.
- Valorar os textos poéticos coa lectura de poemas e coa análise dos elementos e os recursos retóricos e métricos do texto.
- Recoñecer o valor dos textos teatrais coa lectura de fragmentos, e analizar algunhas características temáticas e formais.
- Desenvolver a autonomía de lectura localizando textos, consultando páxinas e bibliotecas virtuais, e participando en obradoiros literarios de internet.

2. Contidos

2.1. Comunicación oral

- Comprensión de mensaxes orais dos medios de comunicación audiovisual (radio, televisión e internet), con especial atención aos programas de lecer (concursos, series, etc).
- Exposición planificada, clara e ordenada sobre temas de actualidade, contrastando puntos de vista e opinión expresadas neles, coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC.
- Uso consciente dos elementos paraverbais e non verbais na intervención oral planificada: ton axeitado, pausas e xesticulación coherente.
- Utilización de estratexias encamiñadas á realización de tarefas individuais ou en grupo, con utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (achega de informacións, guións, informes, etc.).

2.2. Comunicación escrita

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como mensaxes de chat e correo electrónico, normas e instrucións de uso.
- Utilización da composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como maneira de comunicar experiencias e coñecementos propios, e como xeito de regular a conduta.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, os correctores ortográficos, etc.
- Comunicación persoal mediante a correspondencia postal e utilizando medios informáticos: chat, correo electrónico, etc.

2.3. Coñecemento da lingua

- Identificación e uso reflexivo dalgúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos: nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto.
- Revisión dos tipos de oracións simples.
- Revisión das normas de puntuación en relación coa cohesión sintáctica (coma, punto e seguido, punto e á parte), e das normas ortográficas (b/v; m antes de p e b; h; en castelán, j/g), con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Uso de estratexias para a organización do traballo persoal para progresar na aprendizaxe: planificación do tempo mediante a axenda persoal.

2.4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral da formación da lingua galega e das etapas da súa historia social ata o século XIX, co manexo de textos da época e información tomada de medios e tecnoloxías da comunicación.
- Comprensión da situación sociolingüística galega a través do estudo de fenómenos de contacto de linguas (conflito lingüístico e interferencias), con emprego das TIC, que permitan abordar os prexuízos lingüísticos.

2.5. Educación literaria

- Recitación de poemas valorando a función dos elementos simbólicos e dos recursos retóricos e métricos do texto: revisión da onomatopea, anáfora, metáfora; ritmo e rima.
- Lectura dramatizada de fragmentos de obras teatrais en lingua galega, recoñecendo algunhas características temáticas e formais (acción, personaxes, diálogos, etc.).
- Uso progresivamente autónomo das bibliotecas virtuais: localización de obras por autor e título.
- Consulta de páxinas dixitais sobre obradoiros literarios e participación neles.
- Desenvolvemento da autonomía de lectura e do aprecio pola literatura como fonte de pracer, e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.

3. Temporalización

Temporalización: 16 períodos lectivos divididos en catro semanas.

4. Recursos didácticos

- Na unidade xa están incluídos os textos sobre os que se vai traballar.
- É importante fotocopiar todos os textos necesarios antes de comezar cada sesión.
- É imprescindible ter computadores con acceso a internet na aula. Cando non os haxa, haberá que desprazarse co grupo ata a aula específica.
- É moi importante que na aula haxa dicionarios en galego e en castelán para solucionar as dúbidas de vocabulario que poidan xurdir e, na medida do posible, dicionarios virtuais para resolver dúbidas cando traballen co computador.

5. Avaliación

Nesta unidade didáctica a avaliación é parte integrante do proceso, xa que as propias actividades serán tomadas como referencia para a valoración do alumnado.

Para as realizar, é necesario pór en xogo estratexias e instrumentos de cuxo uso o profesor pode extraer conclusións.

- Manexo e uso que o alumnado faga dos computadores ao principio da unidade serve de avaliación inicial, así como os comentarios sobre o que cada un sabe ou non sabe de informática e sobre os contidos e obxectivos da unidade didáctica.
- Os aspectos procedementais avaliaranse a través da observación e valoración das tarefas propostas nas actividades, tanto individuais como grupais, orais e escritas, e de manexo dos computadores.
- Non haberá probas obxectivas para valorar os aspectos conceptuais. A evolución das tarefas a través da unidade completa marcará as pautas dos contidos adquiridos.
- En todas as sesións programadas hai actividades que poder servir de reforzo ou ampliación dependendo das necesidades do alumnado.

UNIDADE 4

O traballo neste bloque, iniciado xa no bloque 2 do módulo primeiro, céntrase no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, e ten como obxectivo que o alumnado adulto sexa competente no tratamento da información dixital. Cómpre que aprenda a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lle han permitir mellorar as súas habilidades para obter e expresar información significativa.

A lingua mesma é a ferramenta con que se aborda a crecente información de que se dispón. O coñecemento dos sistemas e o xeito de operar das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) debe capacitar o alumnado para unha axeitada xestión da información atendendo a fins prácticos, persoais e profesionais. Cómpren estratexias para organizar, relacionar e sintetizar a información e para nos preparar para os avances tecnolóxicos.

Neste bloque, os apartados “comunicación escrita: ler e escribir” e “lingua e sociedade” han ter unha especial relevancia.

1. Obxectivos didácticos

- Comprender e analizar textos de distintos ámbitos aparecidos en medios de comunicación audiovisual e nas TIC.
- Utilizar estratexias para a realización e a presentación de tarefas co uso das TIC.
- Usar a composición escrita como fonte de información, medio de comunicación e forma de regular a conduta.
- Expor oralmente temas de actualidade con uso consciente dos elementos non verbais e axudándose dos medios audiovisuais e das TIC.

- Comunicarse en soportes como a correspondencia postal e os medios informáticos.
- Recoñecer as formas verbais nos textos, nomeadamente os valores modais e aspectuais das perífrases.
- Analizar funcións sintácticas características do substantivo, do verbo e do adxectivo.
- Coñecer os elementos culturais máis significativos dos países onde se fala castelán, utilizando as TIC para recadar información.
- Utilizar autonomamente as bibliotecas, libros de consulta e TIC para a aprendizaxe.
- Localizar textos literarios en castelán dos séculos XVI a XVIII nas bibliotecas virtuais. Ler obras de autores dos séculos XVI a XVIII en castelán e observar a evolución do heroe ou da heroína como personaxes das novelas.

2. Contidos

2.1. Comunicación oral

- Comprensión de mensaxes orais dos medios de comunicación audiovisual (radio, televisión, internet, etc.), con especial atención ás crónicas e ás reportaxes.
- Exposición planificada, clara e ordenada sobre temas de actualidade, contrastando puntos de vista e opinións expresadas neles, axudándose dos medios audiovisuais e das TIC.
- Comprensión de textos orais do ámbito académico, como intervencións na clase ou exposicións orais.
- Uso consciente dos elementos paraverbais e non verbais na intervención oral planificada: ton axeitado, pausas e xesticulación coherente.
- Utilización de estratexias encamiñadas á realización de tarefas individuais ou en grupo coa utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (achega de informacións, exposicións, etc.)

2.2. Comunicación escrita

- Comprensión de textos do ámbito académico de carácter instrutivo e expositivo (webs educativas e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).
- Utilización da composición escrita en lingua galega como fonte de información e aprendizaxe, como xeito de comunicar as opinións e os coñecementos propios, e como forma de regular a conduta.
- Estratexias para a utilización autónoma da biblioteca e das TIC para obter, organizar e seleccionar información, e para empregala como modelos para a composición escrita: uso guiado de buscadores en internet e selección de información.

- Comunicación persoal nas linguas galega e castelá mediante a correspondencia postal e utilizando medios informáticos: chat, correo electrónico, etc.

2.3. Coñecemento da lingua

- Recoñecemento e uso coherente das formas verbais nos textos, con especial atención aos valores aspectuais e modais das perífrases verbais.
- Análise das funcións sintácticas características das clases de palabras: o substantivo como suxeito; o verbo como núcleo do predicado; o adxectivo como complemento do nome e atributo.
- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios interactivos e os correctores ortográficos dos procesadores de textos.
- Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe (dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación) para a aprendizaxe.

2.4. Lingua e sociedade

- Comprensión e análise do uso das dúas linguas da comunidade autónoma nas TIC. Coñecemento dos elementos culturais máis significativos dos países onde se falan a lingua castelá e a lingua galega (literatura, arte, música, cine, etc.), obtendo a información por diferentes medios (biblioteca, prensa, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación).
- Interese e iniciativa por comunicarse utilizando o soporte impreso ou os medios dixitais.

2.5. Educación literaria

- Localización en bibliotecas virtuais ou noutras páxinas web de fragmentos de obras literarias en castelán dos séculos XVI a XVIII.
- Lectura de obras relacionándoas cos grandes períodos e autores da literatura en lingua castelá a partir do século XVI e ata o século XVIII.
- Lectura de relatos, observando a transformación da narrativa en prosa desde o século XVI ata o século XVIII, e do heroe ou heroína personaxes desas novelas.

3. Temporalización

Temporalización: 16 períodos lectivos divididos en catro semanas.

4. Recursos didácticos

- Na unidade xa están incluídos os textos sobre os que se vai traballar.
- É importante fotocopiar todos os textos necesarios antes de comezar cada sesión.

- É imprescindible ter computadores con acceso a internet na aula. Cando non os haxa, haberá que desprazarse co grupo ata a aula específica.
- Para algunhas sesións é importante que o grupo se traslade á biblioteca do centro.
- É moi importante que na aula haxa dicionarios en galego e en castelán para solucionar as dúbidas de vocabulario que poidan xurdir. Tamén, que sexa posible o acceso a dicionarios virtuais, para resolver as dúbidas que se presenten cando se traballe co computador.
- Necesitaranse gravadores para algunha sesión.

5. Avaliación

Como noutras unidades, nesta a avaliación forma parte do proceso, xa que as propias actividades serán tomadas como referencia para a valoración do alumnado.

- O manexo que o alumnado faga dos computadores serve de avaliación inicial, así como os comentarios que se realicen na aula sobre os contidos e os obxectivos da unidade didáctica.
- Os aspectos procedementais avaliaranse a través da observación das tarefas propostas nas actividades.
- En todas as sesións programadas hai actividades que poder servir de reforzo ou ampliación, de acordo coas necesidades do alumnado. Realizar debates e coloquios con uso consciente dos elementos non verbais e axudándose dos medios audiovisuais e das TIC.
- Comunicarse cos outros mediante soportes como solicitudes, cartas de reclamación e instancias.
- Recoñecer os prefixos e os sufixos nos substantivos, nos adxectivos e nos verbos como medios de formación de palabras novas, e relacionar os prefixos e os sufixos nas linguas do ámbito. Identificar e usar algúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
- Coñecer a formación da lingua galega e as súas etapas ata o século XX. Comprender a situación lingüística galega a través do estudo de fenómenos de contacto de linguas.
- Valorar os textos poéticos mediante a lectura de poemas e a análise dos elementos e dos recursos retóricos e métricos do texto. Valorar a novela e o relato curto mediante a lectura de obras de autores do século XX en lingua galega.
- Desenvolver a autonomía lectora localizando textos, consultando páxinas e bibliotecas virtuais, e participando en blogs de internet.
- Utilizar autonomamente as bibliotecas, libros de consulta e TIC para a aprendizaxe. Localizar textos literarios en lingua galega pertencentes ao século XIX nas bibliotecas virtuais.

1. Contidos

1.1. Comunicación oral

- Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación, como debates, faladoiros, etc.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos; intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida.
- Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, as ideas e os sentimentos propios e alleos, para regular a propia conduta.
- Identificación e comprensión do significado xeral e específico de conversas en lingua galega sobre temas coñecidos, presentados de xeito claro e organizado.